

MOCIÓN PARA A INSTALACIÓN DUNHA REDE DE RECARGA DE VEHÍCULOS ELÉCTRICOS

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do establecido na lexislación vixente, a través da súa portavoz Dona María Elena Estévez Freire, presenta para o seu debate e, se procede, aprobación no Pleno da Corporación **MOCIÓN PARA A INSTALACIÓN DUNHA REDE DE RECARGA DE VEHÍCULOS ELÉCTRICOS** baseada na seguinte,

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde a aprobación do Plan de Mobilidade Sustentable do concello de Bueu, en novembro do ano 2020, os pasos para a súa implantación foron tremendamente tibios nun contexto que favorece a chegada de fondos “verdes” ás diferentes Administracións Públicas. Unha das medidas máis significativas do Plan é o establecemento dunha rede de recarga de vehículos eléctricos ao longo do concello, proposta que xa é realidade noutros municipios da provincia.

Até o momento, e a pesar de que o prazo estimado dado para a realización desta proposta no PMUS vence a finais de ano, desde o Concello non hai novas sobre a implementación desta medida, así como de moitas outras neste eido co mesmo período temporal de realización. Xa que logo, cómpre acelerar os pasos para que todas as propostas que a Corporación Municipal aprobou se cumpran realmente, e que estas non queden en papel mollado.

Dese xeito, é preciso que o goberno local priorice determinadas propostas, como a creación da rede de recarga de vehículos eléctricos, que gozan xa de axudas específicas dunha administración como a Xunta de Galicia. Así, o Instituto Enerxético de Galicia financiará con máis de sete millóns de euros até o 2024 a “implantación de infraestrutura de recarga de vehículos eléctricos”, ademais de destinar máis de once millóns á “adquisición de vehículos eléctricos”, o que brinda unha boa oportunidade para que o noso municipio logre a cooperación de entes como a Xunta na consecución dos obxectivos do PMUS.

Polo exposto anteriormente, o Grupo municipal do Partido Popular solicita ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

ÚNICO.– Instar o goberno local a solicitar as axudas da Xunta de Galicia ou doutras Administracións para implantar unha rede de recarga de vehículos eléctricos.